

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

Centro educativo

| Código | Centro | Concello | Ano académico |
|----------|--------------|----------|---------------|
| 36009901 | IES San Paio | Tui | 2023/2024 |

Área/materia/ámbito

| Ensinanza | Nome da área/materia/ámbito | Curso | Sesións semanais | Sesións anuais |
|-------------|-----------------------------|---------|------------------|----------------|
| Bacharelato | Xeografía | 2º Bac. | 4 | 116 |

Réxime

Réxime xeral-ordinario

| Contido | Páxina |
|---|---------------|
| 1. Introducción | 3 |
| 2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias | 4 |
| 3.1. Relación de unidades didácticas | 5 |
| 3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas | 7 |
| 4.1. Concrecións metodolóxicas | 19 |
| 4.2. Materiais e recursos didácticos | 21 |
| 5.1. Procedemento para a avaliación inicial | 21 |
| 5.2. Criterios de cualificación e recuperación | 22 |
| 6. Medidas de atención á diversidade | 23 |
| 7.1. Concreción dos elementos transversais | 24 |
| 7.2. Actividades complementarias | 25 |
| 8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro | 26 |
| 8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora | 27 |
| 9. Outros apartados | 28 |

1. Introducción

A xeografía explora as complexas interaccións e interdependencias entre as persoas e o territorio, contribuíndo ao descubrimento do espazo no que viven, desde a referencia da contorna local a un contexto global, servindo tamén de guía para comprender unha realidade ecosocial en constante transformación e atopar o noso lugar no mundo, recoñecendo límites e buscando oportunidades ante os retos do século XXI.

O espazo xeográfico é o obxecto de estudo da xeografía, cuxa finalidade é a comprensión e explicación holística dos procesos naturais e humanos que van modelando ese territorio ao longo do tempo. Como seres con conciencia espazo-temporal, as persoas precisan desa interpretación da realidade que as rodea, máis alá da percepción persoal e colectiva do territorio e do momento e estrutura social nos que se desenvolven as experiencias vitais. Nesta materia de bacharelato, a escala de análise xeográfica céntrase en España, con especial atención ao territorio galego, aínda que dentro dunha perspectiva europea e global, necesaria para coñecer e valorar criticamente as realidades do mundo contemporáneo.

A comprensión desas realidades próximas e globais é esencial para a construción da personalidade e identidade do alumnado, así como para comprender e respectar as identidades alleas. Ademais, debe constituír a base para exercer unha cidadanía crítica, desde os valores democráticos, o respecto polos dereitos fundamentais e o exercicio da responsabilidade cívica á hora de construír unha sociedade xusta e equitativa en sintonía cos Obxectivos de Desenvolvemento Sostible.

A xeografía, pola súa natureza práctica, permítelle ao alumnado desenvolverse no uso responsable das tecnoloxías da información e a comunicación grazas ás funcionalidades das tecnoloxías da información xeográfica (TIX). As TIX, ademais de constituír un recurso básico para desenvolver investigacións individuais e en equipo, permiten formular o tratamento interdisciplinario do territorio e, como ferramenta de diagnóstico, presentar e comunicar eficientemente conclusións e propostas de mellora da contorna social do alumnado desde a súa análise crítica, fomentando a súa madurez e participación cívica. A aplicabilidade da materia de Xeografía convértea nunha disciplina clave da sociedade do coñecemento e do emprendemento social.

Nun contexto de constantes e profundas transformacións no global e no local, a materia de Xeografía debe achegar unha visión integral do medio natural e da sociedade de España, tratando de espertar a curiosidade innata a toda persoa e lograr o gozo dos coñecementos xeográficos. Con tal fin, as competencias específicas fundaméntanse nunha aprendizaxe baseada na investigación dos fenómenos naturais e humanos que se desenvolven no territorio. Estes fenómenos afectan á vida cotiá das sociedades actuais e representan, algúns deles, retos clave para afrontar o futuro, igual que, en ocasións, tamén constituíron desafíos no pasado. As respostas a estes retos ecosociais desde o ensamento xeográfico requiren da aplicación de saberes baseados no rigor científico, a mobilización de estratexias e o compromiso ético coa sostibilidade e a solidariedade na resolución de problemas.

Por todo iso, o estudo da xeografía de España debe contribuír ao desenvolvemento persoal e á madurez do alumnado, conformando a súa identidade e fortalecendo a súa empatía ao asumir que vivimos nunha sociedade diversa e con desequilibrios sociais e territoriais que precisa dun desenvolvemento sostible. Como persoas formadas e comprometidas coa ontorna na que viven, o alumnado debe aplicar as competencias específicas e os saberes básicos adquiridos para emprender accións individuais e colectivas que materialicen a súa capacidade de transformalo desde criterios éticos baseados nos valores que compartimos. A materia de Xeografía contribúe a alcanzar os obxectivos xerais da etapa de bacharelato e a adquisición das competencias clave, e permite o desenvolvemento do pensamento xeográfico do alumnado iniciado na etapa anterior coa materia de Xeografía e Historia. Ademais, promóvese o seu desenvolvemento en contextos interdisciplinarios e noutros próximos ás experiencias persoais, que deben aproveitarse para enriquecer a contorna de aprendizaxe do alumnado, tanto de maneira individual como grupal, conectando cos seus intereses e atendendo a necesidades específicas.

O uso dos instrumentos propios desta disciplina (entre outros a cartografía, e imaxes ou estatísticas de distinto tipo) achega a posibilidade de analizar e realizar interpretacións globais, sistemáticas e integradas da realidade, identificar as unidades territoriais, as paisaxes, e os resultados da actividade humana para poder coñecer e comprender o espazo. Deste xeito, a materia de Xeografía ten como obxectivos fundamentais dar unha interpretación global e interrelacionada de cada fenómeno xeográfico, e ofrecer os mecanismos que sirvan para dar respostas e explicacións aos problemas do territorio español; unhas aprendizaxes que leven á comprensión da evolución socioecolóxica dos territorios.

É esencial subliñar o tratamento integrador que a xeografía lles dá aos fenómenos espaciais, lembrando que a síntese é un obxectivo irrenunciable do pensamento xeográfico, ao que deben contribuír o enfoque interdisciplinario e a dobre dimensión ecosocial. A materia de Xeografía é aberta e flexible para que, tomando como eixe vertebrador os obxectivos e os contidos da materia, o profesorado poida adaptar as súas situacións de aprendizaxe a contextos de todo tipo, convertendo as posibles respostas aos retos ecosociais de España e do mundo nun incentivo para a aprendizaxe activa do alumnado, para o desenvolvemento do pensamento xeográfico e para a valoración da xeografía como saber aplicado. En definitiva, para promover a capacidade transformadora de todo saber desde a responsabilidade cívica baseada na autonomía persoal e o respecto ás persoas e ao medio ambiente no contexto actual de cambios e incertezas.

2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

| Obxectivos | CCL | CP | STEM | CD | CPSAA | CC | CE | CCEC |
|--|-----|----|------|-------|-------|-------|-----|------|
| OBX1 - Recoñecer os retos ecosociais actuais e futuros de España debatendo desde a perspectiva xeográfica sobre as mensaxes recibidas a través de canles oficiais e extraoficiais, formais e informais, e desenvolvendo o pensamento crítico, para transformar padróns de consumo insostibles e adoptar estilos de vida saudables. | 1-3 | | 5 | 4 | 20-40 | 1-4 | 1 | |
| OBX2 - Comprender a complexidade do espazo xeográfico, mediante a interpretación de fontes de información visuais, para apreciar a riqueza das paisaxes naturais e humanizadas e valorar a sostibilidade como principio das relacións entre os ecosistemas naturais e a acción humana. | | | 4-5 | 1 | | 1-4 | 1 | 1-2 |
| OBX3 - Analizar a diversidade natural de España e a súa singularidade xeográfica dentro de Europa, a través da comparación de características comúns e específicas do relevo, o clima, a hidrografía e a biodiversidade, para reflexionar sobre a percepción persoal do espazo. | | | 1-4 | | 31 | 1-3 | | 1 |
| OBX4 - Aplicar as tecnoloxías da información xeográfica (TIX), métodos e técnicas propios ou de ciencias afíns, localizando fenómenos naturais e humanos, e argumentando con rigor os seus límites ou categorías, para resolver eficientemente o problema da escala en calquera análise ou proposta de actuación. | 1 | | 1-2 | 1-2-5 | | 3 | 1-3 | |
| OBX5 - Asumir a globalización como contexto que enmarca a evolución dos sistemas económicos e os comportamentos sociais recentes, investigando as súas relacións de causa e efecto e creando produtos propios que demostren a interconexión e a interdependencia a todas as escalas, para promover o respecto á dignidade humana e ao medio ambiente como base dunha cidadanía global. | 5 | | 1-5 | 4 | 31 | 2-3-4 | 1 | 41 |

| Obxectivos | CCL | CP | STEM | CD | CPSAA | CC | CE | CCEC |
|---|-----|----|------|----|-------------|-------|-----|------|
| OBX6 - Explicar de forma crítica os desequilibrios territoriais de España e da súa estrutura sociolaboral e demográfica, recoñecendo os procesos e as decisións que contribuíron ás desigualdades presentes, para reforzar a conciencia de solidariedade e o compromiso cos mecanismos de cooperación e cohesión españois e europeos. | | | 4 | | 12-31 | 1-2-3 | 1-2 | 32 |
| OBX7 - Mobilizar coñecementos previos, novos e doutros campos do saber ao abordar situacións do pasado, do presente ou do futuro, reorientando eficazmente decisións e estratexias de traballo individual ou en equipo, para achegar solucións innovadoras a contextos en transformación e fomentar a aprendizaxe permanente. | 5 | | 1 | | 11-12-32-50 | 3 | 1-3 | |

Descrición:

3.1. Relación de unidades didácticas

| UD | Título | Descrición | % Peso materia | Nº sesións | 1º trim. | 2º trim. | 3º trim. |
|----|---|--|----------------|------------|----------|----------|----------|
| 1 | España e Galicia: situación xeográfica. España e Galicia en Europa. Estrutura territorial. Contrastes físicos e socioeconómicos de Europa. Políticas rexionais e de cohesión territorial. | Definir a situación xeográfica de España e Galicia en Europa en indicadores socioeconómicos, establecendo a súa posición e localizando os seus territorios. Describir o continente europeo distinguindo a súa estrutura territorial e os contrastes físicos e socioeconómicos. Análise de desequilibrios territoriais e políticas de cohesión a través do uso de mapas e de indicadores socioeconómicos. | 5 | 6 | X | | |
| 2 | España e Galicia no mundo: a posición nas áreas socioeconómicas e xeopolíticas mundiais. Globalización e diversidade. As desigualdades territoriais no mundo. Grandes eixes mundiais. | Definir a situación xeográfica de España e Galicia no mundo en indicadores socioeconómicos, establecendo a súa posición e localizando os seus territorios. A Globalización e explicar os seus trazos. Comparar os procesos de mundialización e diversidade territorial. Explicar as repercusións da inclusión de España en espazos socioeconómicos e xeopolíticos. | 5 | 5 | X | | |
| 3 | Organización territorial de España. A Constitución de 1978 no deseño territorial. Desequilibrios e contrastes | Describir a organización territorial española analizando a estrutura local, autonómica e estatal. Estudo dos desequilibrios territoriais nacionais e autonómicos. | 5 | 5 | X | | |

| UD | Título | Descrición | % Peso materia | Nº sesións | 1º trim. | 2º trim. | 3º trim. |
|----|--|---|----------------|------------|----------|----------|----------|
| 3 | territoriais, políticas rexionais e de cohesión. A Comunidade de Galicia. | Utilidade do Atlas Nacional de España e dos indicadores socioeconómicos oficiais. Xestión e ordenación do territorio: o debate sobre as políticas de cohesión e desenvolvemento rexional. Ordenación territorial en Galicia. | 5 | 5 | X | | |
| 4 | Características do espazo xeográfico. Concepto de paisaxe. Técnicas gráficas e cartográficas. Xeoposicionamento e dispositivos móbiles. A diversidade física: O Relevo. Riscos para as persoas. | Identificar o espazo xeográfico, entendéndoo como centro de relacións humanas e sociais. Distinguir as singularidades do espazo xeográfico español. Describir os trazos do relevo. Diferenzas das unidades morfoestruturais e a litoloxía. Aplicación das TIC. Webs e apps xeográficas. | 11 | 12 | X | | |
| 5 | A diversidade climática de Galicia e España. Dominios climáticos: Características, elementos e factores. Escenarios de cambio climático e emerxencia climática. | Distinguir os climas en España e comentar as súas características, sinalando os factores e os elementos que os compoñen. Analizar os tipos de tempo atmosférico en España utilizando os mapas de superficie e de altura. Interpretar mapas do tempo e climogramas. | 11 | 12 | X | | |
| 6 | A diversidade hídrica e bioxeográfica en Galicia e España. Réximes fluviais. Aproveitamento dos recursos hídricos. Biodiversidade: formacións vexetais. Riscos xerados polas persoas. | Explicar a diversidade hídrica da Península Ibérica e nas illas, enumerando e localizando os tipos de elementos hídricos. Identificar os réximes fluviais. Analizar o aproveitamento dos recursos hídricos. Identificar e diferenciar as rexións vexetais. Impacto das actividades humanas e efectos sobre estas: perda de biodiversidade, de chans e xestión da auga | 5 | 8 | X | | |
| 7 | As paisaxes naturais e as relacións natureza - sociedade. Influencia do medio na actividade humana. Influencia da actividade humana no medio. Aproveitamento sustentable do medio físico. | Describir e identificar os trazos das paisaxes naturais. Relacionar o medio natural coa actividade humana, describindo casos de modificación do medio polo ser humano. Os medios humanizados e a súa interacción no espazo xeográfico. | 5 | 8 | X | | |
| 8 | A poboación española e galega. Análise da súa estrutura e desequilibrios. O reto demográfico: envellecemento e despoboamento rural. | Identificar as fontes para o estudo da poboación. Caracterizar a poboación española. Os movementos migratorios; o respecto pola diversidade étnica cultural. Explicar a distribución da poboación española. Analizar as pirámides de poboación, | 10 | 12 | | X | |

| UD | Título | Descrición | % Peso materia | Nº sesións | 1º trim. | 2º trim. | 3º trim. |
|----|---|---|----------------|------------|----------|----------|----------|
| 8 | A poboación española e galega. Análise da súa estrutura e desequilibrios. O reto demográfico: envellecemento e despoboamento rural. | incidindo no caso galego, e comentar as súas peculiaridades. As perspectivas de poboación española e galega, e a ordenación do territorio. | 10 | 12 | | X | |
| 9 | Concepto de cidade. O espazo urbano en España e Galicia. Funcións da cidade. Morfoloxía urbana. Estrutura urbana. A especificidade de Galicia: o papel das vilas. Modelos de cidades sostibles. | Definir a cidade. Identificar o proceso de urbanización. Analizar a morfoloxía e a estrutura urbana. Analizar e comentar planos de cidades e unha paisaxe urbana. A rede urbana española e galega. | 10 | 12 | | X | |
| 10 | O espazo rural e as actividades do sector primario. O espazo agrario e gandeiro. A actividade pesqueira. Silvicultura. | As paisaxes agrarias, morfoloxía e estrutura. Transformacións das actividades agropecuarias: prácticas sostibles e insostibles. O sector agrario español e galego. PAC. A actividade pesqueira en España. Os recursos mariños: sostibilidade e PPC. O caso de Galicia. | 11 | 12 | | X | |
| 11 | Os espazos industriais. Materias primas e fontes de enerxía: transición enerxética. A industria en España e en Galicia. A pegada ecolóxica. A deslocalización industrial. | Transformacións nas actividades industriais e as paisaxes: materias primas e fontes de enerxía. Espazos industriais e tendencias en España e en Galicia. Políticas territoriais na industria. Políticas da Unión Europea e a globalización. | 11 | 12 | | X | |
| 12 | Os espazos terciarizados. A economía circular e os servizos. Modelos insostibles de servizos e alternativas. A economía dixital. | Terciarización da economía española. Sistema de transportes en España e Galicia. O Desenvolvemento comercial. Espazos turísticos. Transformacións das paisaxes nas zonas turísticas. O caso do litoral. Modelos de ocupación dominante en España e en Galicia. A economía dixital: impacto da «economía colaborativa» e novos modelos de negocio. | 11 | 12 | | X | X |

3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

| UD | Título da UD | Duración |
|----|--|----------|
| 1 | España e Galicia: situación xeográfica. España e Galicia en Europa. Estrutura territorial. Contrastes físicos e socioeconómicos de Europa. | 6 |

| | | |
|---|--|---|
| 1 | Políticas rexionais e de cohesión territorial. | 6 |
|---|--|---|

| Craterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|--|--|----|-----|
| CA1.1 - Empregar a escala apropiada para localizar ou representar con apoio das TIC, calquera fenómeno físico ou humano xustificando os métodos e datos elixidos e a delimitación de rexións ou categorías de análises, así como de áreas de transición. | Contesta á proba escrita cun nivel suficiente e satisfactorio. Extrae e sabe interpretar a información de mapas, planos e utiliza adecuadamente as ferramentas características da ciencia xeográfica. Utiliza mapas dixitais, sistemas de xeoposicionamento GPS e apps nos dispositivos móbiles. | PE | 100 |
| CA1.2 - Crear produtos propios individuais ou en grupo con fins explicativos, comunicando diagnósticos, propoñendo hipóteses ou conclusións e aplicando eficientemente as TIC. | Explica e comprende a posición de España na Unión Europea. Comprende os contrastes territoriais e as políticas de cohesión. É capaz de traballar con diferentes documentos, mapas e fontes xeográficas e producir traballos sobre a xeografía física. | | |

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

| Contidos |
|--|
| <ul style="list-style-type: none"> - España: localización e situación xeográfica no mundo a través de mapas de relevo, bioclimáticos e políticos. Posición relativa de España no mundo en diferentes indicadores socioeconómicos. A situación periférica de Galicia. Xeoposicionamento e dispositivos móbiles. - España en Europa: localización de países e aspectos naturais. A Unión Europea na actualidade: a súa influencia en situacións cotiás. Análise de desequilibrios territoriais e políticas de cohesión a través do uso de mapas e de indicadores socioeconómicos. A posición de Galicia no contexto europeo. |

| UD | Título da UD | Duración |
|----|---|----------|
| 2 | España e Galicia no mundo: a posición nas áreas socioeconómicas e xeopolíticas mundiais. Globalización e diversidade. As desigualdades territoriais no mundo. Grandes eixes mundiais. | 5 |

| Craterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|-------------------------|------------------------|----|---|
|-------------------------|------------------------|----|---|

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|--|--|----|-----|
| CA1.1 - Empregar a escala apropiada para localizar ou representar con apoio das TIC, calquera fenómeno físico ou humano xustificando os métodos e datos elixidos e a delimitación de rexións ou categorías de análises, así como de áreas de transición. | Contesta á proba escrita cun nivel suficiente e satisfactorio. Localiza a situación española entre as grandes áreas xeoeconómicas mundiais. Identifica e describe os trazos da globalización. | PE | 100 |
| CA1.2 - Crear produtos propios individuais ou en grupo con fins explicativos, comunicando diagnósticos, propoñendo hipóteses ou conclusións e aplicando eficientemente as TIC. | Localiza nun mapa as grandes áreas xeoeconómicas. Identifica aspectos salientables de España na situación mundial. Confecciona cadros comparativos de casos concretos de globalización. | | |

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

| Contidos |
|---|
| - España no mundo. España ante a globalización: ameazas e oportunidades. Contexto xeopolítico mundial e participación en organismos internacionais. Cooperación internacional e misións no exterior. Diagnóstico dos compromisos cos Obxectivos de Desenvolvemento Sostible. Galicia no contexto mundial. |

| UD | Título da UD | Duración |
|----|--|----------|
| 3 | Organización territorial de España. A Constitución de 1978 no deseño territorial. Desequilibrios e contrastes territoriais, políticas rexionais e de cohesión. A Comunidade de Galicia. | 5 |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|--|---|----|-----|
| CA1.1 - Empregar a escala apropiada para localizar ou representar con apoio das TIC, calquera fenómeno físico ou humano xustificando os métodos e datos elixidos e a delimitación de rexións ou categorías de análises, así como de áreas de transición. | Representa e explica os fenómenos físicos e humanos que se desenvolven no territorio utilizando mapas, Utiliza webs e apps nos móbiles. Aplica dun xeito eficiente os métodos da xeografía | PE | 100 |
| CA1.2 - Crear produtos propios individuais ou en grupo con fins explicativos, comunicando diagnósticos, propoñendo hipóteses ou conclusións e aplicando eficientemente as TIC. | Contesta á proba escrita cun nivel suficiente e satisfactorio. Explica a ordenación territorial española a partir de mapas. Explica os desequilibrios e os contrastes territoriais de España. | | |

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

| Contidos |
|---|
| - Organización administrativa de España. O estudo dos desequilibrios territoriais nacionais e autonómicos. Utilidade do Atlas Nacional de España e dos indicadores socioeconómicos oficiais. Xestión e ordenación do territorio: o debate sobre as políticas de cohesión e desenvolvemento rexional. Ordenación territorial en Galicia. Situación |

| Contidos |
|---|
| - actual e proxeccións do estado do benestar. |

| UD | Título da UD | Duración |
|----|--|----------|
| 4 | Características do espazo xeográfico. Concepto de paisaxe. Técnicas gráficas e cartográficas. Xeoposicionamento e dispositivos móbiles. A diversidade física: O Relevo. Riscos para as persoas. | 12 |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|--|---|----|-----|
| CA1.1 - Empregar a escala apropiada para localizar ou representar con apoio das TIC, calquera fenómeno físico ou humano xustificando os métodos e datos elixidos e a delimitación de rexións ou categorías de análises, así como de áreas de transición. | Utiliza mapas dixitais, sistemas de xeoposicionamento GPS e apps nos dispositivos móbiles. | PE | 100 |
| CA1.2 - Crear produtos propios individuais ou en grupo con fins explicativos, comunicando diagnósticos, propoñendo hipóteses ou conclusións e aplicando eficientemente as TIC. | É capaz de traballar con diferentes documentos, mapas e fontes xeográficas e producir traballos sobre a xeografía física. | | |
| CA2.1 - Extraer información de paisaxes naturais e humanizadas analizando fontes visuais, distinguindo elementos xeográficos e interpretando a influencia e interrelacións de factores físicos e humanos. | Comprende e explica os principais trazos do relevo de España. Describe e comprende sumariamente a evolución xeolóxica do relevo de España. | | |
| CA2.2 - Reflexionar sobre a percepción do espazo xeográfico localizando e recoñecendo en mapas rexións xeomorfolóxicas e bioclimáticas con características comúns e específicas, destacando a súa achega á sostibilidade do medio. | Contesta á proba escrita cun nivel suficiente e satisfactorio. Clasifica e describe a evolución xeolóxica do relevo. Identifica e explica os elementos do relevo e solos. | | |

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

| Contidos |
|--|
| <ul style="list-style-type: none"> - España: localización e situación xeográfica no mundo a través de mapas de relevo, bioclimáticos e políticos. Posición relativa de España no mundo en diferentes indicadores socioeconómicos. A situación periférica de Galicia. Xeoposicionamento e dispositivos móbiles. - Factores físicos e diversidade de paisaxes e ecosistemas. Análise dos condicionantes xeomorfolóxicos, bioclimáticos, edáficos, hídricos e relativos ás actividades humanas e prevención dos riscos asociados para as persoas. |

| UD | Título da UD | Duración |
|----|---|----------|
| 5 | A diversidade climática de Galicia e España. Dominios climáticos: Características, elementos e factores. Escenarios de cambio climático e emerxencia climática. | 12 |

| Craterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|--|--|----|-----|
| CA1.1 - Empregar a escala apropiada para localizar ou representar con apoio das TIC, calquera fenómeno físico ou humano xustificando os métodos e datos elixidos e a delimitación de rexións ou categorías de análises, así como de áreas de transición. | Representa e comenta climogramas específicos de cada clima. Extrae conclusións ambientais, utilizando gráficas e estatísticas. Utiliza mapas, webs e apps do tempo nos dispositivos móbiles. | PE | 100 |
| CA1.2 - Crear produtos propios individuais ou en grupo con fins explicativos, comunicando diagnósticos, propoñendo hipóteses ou conclusións e aplicando eficientemente as TIC. | Analiza e comenta como afecta a España o cambio climático. Describe e compara os climas en España, enumerando os factores e os elementos característicos. | | |
| CA2.1 - Extraer información de paisaxes naturais e humanizadas analizando fontes visuais, distinguindo elementos xeográficos e interpretando a influencia e interrelacións de factores físicos e humanos. | Identifica e interpreta os dominios e formacións vexetais e as paisaxes naturais. | | |
| CA2.2 - Reflexionar sobre a percepción do espazo xeográfico localizando e recoñecendo en mapas rexións xeomorfolóxicas e bioclimáticas con características comúns e específicas, destacando a súa achega á sostibilidade do medio. | Comprende e comenta un mapa do tempo de España distinguindo os elementos característicos. Comprende e explica os factores que inflúen nos climas. | | |

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

| Contidos |
|--|
| <ul style="list-style-type: none"> - España: localización e situación xeográfica no mundo a través de mapas de relevo, bioclimáticos e políticos. Posición relativa de España no mundo en diferentes indicadores socioeconómicos. A situación periférica de Galicia. Xeoposicionamento e dispositivos móbiles. - Factores físicos e diversidade de paisaxes e ecosistemas. Análise dos condicionantes xeomorfolóxicos, bioclimáticos, edáficos, hídricos e relativos ás actividades humanas e prevención dos riscos asociados para as persoas. - Diversidade climática de Galicia e España. Análises comparativas de distribución e representación de climas. Emerxencia climática: cambios nos padróns termoplumiométricos; causas, consecuencias e medidas de mitigación e adaptación. Estratexias de interpretación do tempo e alertas meteorolóxicas; webs e aplicacións móbiles. |

| UD | Título da UD | Duración |
|----|---|----------|
| 6 | A diversidade hídrica e bioxeográfica en Galicia e España. Réximes fluviais. Aproveitamento dos recursos hídricos. Biodiversidade: formacións vexetais. Riscos xerados polas persoas. | 8 |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|---|---|----|-----|
| CA1.1 - Empregar a escala apropiada para localizar ou representar con apoio das TIC, calquera fenómeno físico ou humano xustificando os métodos e datos elixidos e a delimitación de rexións ou categorías de análises, así como de áreas de transición. | Utiliza mapas, webs e apps da diversidade hídrica nos dispositivos móbiles. | PE | 100 |
| CA1.2 - Crear produtos propios individuais ou en grupo con fins explicativos, comunicando diagnósticos, propoñendo hipóteses ou conclusións e aplicando eficientemente as TIC. | Comprende e explica a diversidade hídrica en España. | | |
| CA2.1 - Extraer información de paisaxes naturais e humanizadas analizando fontes visuais, distinguindo elementos xeográficos e interpretando a influencia e interrelacións de factores físicos e humanos. | Situa nun mapa da rede hidrográfica española os grandes encoros, e deduce as consecuencias. | | |
| CA2.2 - Reflexionar sobre a percepción do espazo xeográfico localizando e recoñecendo en mapas rexións xeomorfolóxicas e bioclimáticas con características comúns e específicas, destacando a súa achega á sostibilidade do medio. | Relaciona os réximes hídricos dos cursos fluviais coas posibilidades de aproveitamento. | | |
| CA2.3 - Identificar a diversidade e singularidade de paisaxes naturais comparando a súa distribución, características e contrastes no ámbito autonómico, realzando o territorio de Galicia, de España e de Europa, así como formas humanas de relación con esas contornas. | Analiza e comenta hidrogramas, gráficas e estatísticas que reflicten as épocas de crecidas e estiaxes en relación con os tipos de réximes fluviais dos ríos da Península Ibérica, e extrae conclusións. | | |
| CA2.4 - Reelaborar saberes sobre fenómenos naturais e humanos relevantes a diferentes escalas e en novos contextos, aplicando o pensamento xeográfico, mobilizando e revisando criticamente coñecementos previos e novos, diagnosticando problemas e oportunidades, e razoando sobre posibles previsións e solucións. | Selecciona información de contido xeográfico relativo á hidroloxía española, incidindo na explotación das augas subterráneas. | | |
| CA3.3 - Valorar todo impacto da acción antrópica desde o principio de sostibilidade, recoñecendo a complexidade sistémica do medio natural e das propias actividades humanas. | Analiza e interpreta fontes de información que reflictan a desigualdade hídrica española e a súa interacción coas actividades humanas. | | |

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

| Contidos |
|--|
| <ul style="list-style-type: none"> - España: localización e situación xeográfica no mundo a través de mapas de relevo, bioclimáticos e políticos. Posición relativa de España no mundo en diferentes indicadores socioeconómicos. A situación periférica de Galicia. Xeoposicionamento e dispositivos móbiles. - Factores físicos e diversidade de paisaxes e ecosistemas. Análise dos condicionantes xeomorfolóxicos, bioclimáticos, edáficos, hídricos e relativos ás actividades humanas e prevención dos riscos asociados para as persoas. - Diversidade climática de Galicia e España. Análises comparativas de distribución e representación de climas. Emerxencia climática: cambios nos padróns termoplumiométricos; causas, consecuencias e medidas de mitigación e adaptación. Estratexias de interpretación do tempo e alertas meteorolóxicas; webs e aplicacións móbiles. - Biodiversidade, chans e rede hídrica. Características por rexións naturais. Impacto das actividades humanas e efectos sobre estas: perda de biodiversidade, de chans e xestión da auga. Interpretación de imaxes, cartografía e datos. Riscos xerados polas persoas. |

| Contidos |
|---|
| <p>- Políticas ambientais en Galicia, en España e na Unión Europea: uso de ferramentas de diagnóstico. A rede de espazos naturais protexidos e a Rede Natura 2000. O debate sobre os cambios do modelo de desenvolvemento: o principio de sostibilidade.</p> <p>- Os espazos urbanos en España: as grandes concentracións urbanas nun contexto europeo e mundial. Funcións da cidade e relacións de interdependencia co territorio. Estrutura urbana a través dos planos: repercusións sobre as formas de vida e os impactos ambientais. A especificidade de Galicia: o papel das vilas. Modelos de cidades sostibles. O uso do espazo público. A mobilidade segura, saudable e sostible.</p> |

| UD | Título da UD | Duración |
|-----------|--|-----------------|
| 7 | As paisaxes naturais e as relacións natureza - sociedade. Influencia do medio na actividade humana. Influencia da actividade humana no medio. Aproveitamento sustentable do medio físico. | 8 |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|---|---|-----------|----------|
| CA1.1 - Empregar a escala apropiada para localizar ou representar con apoio das TIC, calquera fenómeno físico ou humano xustificando os métodos e datos elixidos e a delimitación de rexións ou categorías de análises, así como de áreas de transición. | Sabe obter e seleccionar a partir de distintas fontes, información de contido xeográfico relativo ás paisaxes naturais e as relacións entre natureza e sociedade. | PE | 100 |
| CA1.2 - Crear produtos propios individuais ou en grupo con fins explicativos, comunicando diagnósticos, propoñendo hipóteses ou conclusións e aplicando eficientemente as TIC. | Sabe crear e utilizar mapas, webs e apps da natureza e biodiversidade nos dispositivos móbiles. | | |
| CA2.1 - Extraer información de paisaxes naturais e humanizadas analizando fontes visuais, distinguindo elementos xeográficos e interpretando a influencia e interrelacións de factores físicos e humanos. | Sabe describir e reflectir nun mapa as paisaxes naturais españolas, identificando os seus trazos característicos. | | |
| CA2.2 - Reflexionar sobre a percepción do espazo xeográfico localizando e recoñecendo en mapas rexións xeomorfolóxicas e bioclimáticas con características comúns e específicas, destacando a súa achega á sostibilidade do medio. | Entende e explica o aproveitamento sustentable do medio físico. Explica e analiza a Influencia do medio na actividade humana. Explica e analiza a Influencia da actividade humana no medio. | | |
| CA2.3 - Identificar a diversidade e singularidade de paisaxes naturais comparando a súa distribución, características e contrastes no ámbito autonómico, realizando o territorio de Galicia, de España e de Europa, así como formas humanas de relación con esas contornas. | Comprende e diferencia as paisaxes humanizadas das naturais. Sabe comparar e diferenciar as variedades de paisaxes naturais. | | |
| CA2.4 - Reelaborar saberes sobre fenómenos naturais e humanos relevantes a diferentes escalas e en novos contextos, aplicando o pensamento xeográfico, mobilizando e revisando criticamente coñecementos previos e novos, diagnosticando problemas e oportunidades, e razoando sobre posibles previsións e solucións. | Selecciona e analiza posibles elementos lexisladores correctivos da acción humana sobre a natureza. Explica as diferentes políticas favorecedoras do patrimonio natural. | | |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|---|--|----|---|
| CA3.3 - Valorar todo impacto da acción antrópica desde o principio de sostibilidade, recoñecendo a complexidade sistémica do medio natural e das propias actividades humanas. | Identifica e formula os problemas suscitados pola interacción entre persoa e natureza sobre as paisaxes. | | |

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

| Contidos |
|--|
| <ul style="list-style-type: none"> - España: localización e situación xeográfica no mundo a través de mapas de relevo, bioclimáticos e políticos. Posición relativa de España no mundo en diferentes indicadores socioeconómicos. A situación periférica de Galicia. Xeoposicionamento e dispositivos móbiles. - Factores físicos e diversidade de paisaxes e ecosistemas. Análise dos condicionantes xeomorfolóxicos, bioclimáticos, edáficos, hídricos e relativos ás actividades humanas e prevención dos riscos asociados para as persoas. - Biodiversidade, chans e rede hídrica. Características por rexións naturais. Impacto das actividades humanas e efectos sobre estas: perda de biodiversidade, de chans e xestión da auga. Interpretación de imaxes, cartografía e datos. Riscos xerados polas persoas. - Políticas ambientais en Galicia, en España e na Unión Europea: uso de ferramentas de diagnóstico. A rede de espazos naturais protexidos e a Rede Natura 2000. O debate sobre os cambios do modelo de desenvolvemento: o principio de sostibilidade. - Os espazos urbanos en España: as grandes concentracións urbanas nun contexto europeo e mundial. Funcións da cidade e relacións de interdependencia co territorio. Estrutura urbana a través dos planos: repercusións sobre as formas de vida e os impactos ambientais. A especificidade de Galicia: o papel das vilas. Modelos de cidades sostibles. O uso do espazo público. A mobilidade segura, saudable e sostible. |

| UD | Título da UD | Duración |
|----|---|----------|
| 8 | A poboación española e galega. Análise da súa estrutura e desequilibrios. O reto demográfico: envellecemento e despoboamento rural. | 12 |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|--|---|----|-----|
| CA3.1 - Cuestionar modos de vida insostibles mediante a análise xeográfica de todo tipo de fontes de información que traten os retos ecosociais presentes e futuros, e desde argumentos fundados na relevancia e a necesidade das accións para afrontalos. | Sabe elixir datos e taxas demográficas que amosan a configuración da poboación dun territorio. Selecciona e analiza información sobre as perspectivas de futuro da poboación española e galega. | | |
| CA3.2 - Debater sobre os retos naturais e sociais de España de forma comprometida e respectuosa con opinións alleas, utilizando estratexias orais con apoio dixital de gráficos, imaxes e cartografía, e manexando datos rigorosos. | Distingue e razoa as pirámides de poboación na súa evolución histórica. Utiliza as ferramentas de estudo da poboación. | PE | 100 |
| CA3.3 - Valorar todo impacto da acción antrópica desde o principio de sostibilidade, recoñecendo a complexidade sistémica do medio natural e das propias actividades humanas. | Comprende e comenta o mapa da densidade de poboación e os movementos migratorios, salientando un respecto pola diversidade étnica cultural. | | |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|---|--|----|---|
| CA3.4 - Xustificar a necesidade dos mecanismos de compensación das desigualdades individuais e territoriais identificando os procesos pasados e recentes, así como as súas causas e consecuencias sociolaborais e demográficas. | Analiza gráficos da estrutura e desequilibrios da poboación española e galega resaltando o envellecemento e o despoboamento rural. | | |
| CA3.5 - Argumentar a orixe dos desequilibrios socioeconómicos de España e Europa analizando os factores de localización das actividades económicas e da poboación nunha sociedade terciarizada. | Describe, analiza e defende información sobre a poboación española salientando os aspectos máis significativos, utilizando gráficos, mapas, pirámides... | | |

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

| Contidos |
|--|
| - A poboación española: análise da súa estrutura e desequilibrios. Interpretación causal de datos, gráficos e mapas: tendencias pasadas, presentes e proxeccións. Vantaxes e inconvenientes dos movementos migratorios; o respecto pola diversidade étnica cultural. O reto demográfico: envellecemento e despoboamento rural. |

| UD | Título da UD | Duración |
|----|---|----------|
| 9 | Concepto de cidade. O espazo urbano en España e Galicia. Funcións da cidade. Morfoloxía urbana. Estrutura urbana. A especificidade de Galicia: o papel das vilas. Modelos de cidades sostibles. | 12 |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|--|---|----|-----|
| CA3.1 - Cuestionar modos de vida insostibles mediante a análise xeográfica de todo tipo de fontes de información que traten os retos ecosociais presentes e futuros, e desde argumentos fundados na relevancia e a necesidade das accións para afrontalos. | Explica a morfoloxía urbana e sinala as partes dunha cidade. Comenta unha paisaxe urbana a partir dunha fonte gráfica. | | |
| CA3.2 - Debater sobre os retos naturais e sociais de España de forma comprometida e respectuosa con opinións alleas, utilizando estratexias orais con apoio dixital de gráficos, imaxes e cartografía, e manexando datos rigorosos. | Analiza e explica o plano de cidades, define o concepto de cidade. | PE | 100 |
| CA3.3 - Valorar todo impacto da acción antrópica desde o principio de sostibilidade, recoñecendo a complexidade sistémica do medio natural e das propias actividades humanas. | Describe e analiza as influencias mutuas entre a cidade e o espazo que a rodea. | | |
| CA3.4 - Xustificar a necesidade dos mecanismos de compensación das desigualdades individuais e territoriais identificando os procesos pasados e recentes, así como as súas causas e consecuencias sociolaborais e demográficas. | Identifica e analiza as características do proceso de urbanización, sinalando a influencia histórica no plano da cidade. | | |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|---|---|----|---|
| CA3.5 - Argumentar a orixe dos desequilibrios socioeconómicos de España e Europa analizando os factores de localización das actividades económicas e da poboación nunha sociedade terciarizada. | Contesta á proba escrita cun nivel suficiente e satisfactorio. Identifica e explica a xerarquización urbana española. Comprende os desequilibrios na distribución da poboación. | | |

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

| Contidos |
|---|
| - Os espazos urbanos en España: as grandes concentracións urbanas nun contexto europeo e mundial. Funcións da cidade e relacións de interdependencia co territorio. Estrutura urbana a través dos planos: repercusións sobre as formas de vida e os impactos ambientais. A especificidade de Galicia: o papel das vilas. Modelos de cidades sostibles. O uso do espazo público. A mobilidade segura, saudable e sostible. |

| UD | Título da UD | Duración |
|----|---|----------|
| 10 | O espazo rural e as actividades do sector primario. O espazo agrario e gandeiro. A actividade pesqueira. Silvicultura. | 12 |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|---|---|----|-----|
| CA1.3 - Valorar a dignidade humana analizando criticamente as consecuencias das nosas accións sobre as condicións laborais e de vida, tanto en España como noutros países, investigando o sistema de relacións económicas globalizadas e os sectores económicos, e expondo solucións razoables. | Identifica e comprende as actividades agropecuarias e forestais. Establece e analiza as características e as peculiaridades da actividade pesqueira española e galega. | PE | 100 |
| CA1.4 - Expresar a necesidade de preservar o medio ambiente, indagando sobre os impactos dos modos de produción, distribución e consumo a escala local e global, e propoñendo actuacións de mellora. | Identifica e analiza as prácticas sostibles e insostibles no sector primario. Achega e explica datos ou gráficos de aspectos estruturais que explican o dinamismo do sector primario. | | |
| CA4.1 - Valorar todo impacto da acción antrópica desde o principio de sostibilidade recoñecendo a complexidade sistémica do medio natural e das propias actividades humanas. | Achega os aspectos do pasado histórico que incidiron nas estruturas agrarias españolas e galegas. | | |
| CA4.2 - Xustificar a necesidade dos mecanismos de compensación das desigualdades individuais e territoriais identificando os procesos pasados e recentes, así como as súas causas e consecuencias sociolaborais en relación cos procesos produtivos. | Analiza e explica a influencia da actual política agraria común no desenvolvemento rural e na sostibilidade do medio. Identifica e analiza a sostibilidade e política pesqueira común. | | |
| CA4.3 - Argumentar a orixe dos desequilibrios socioeconómicos de España e Europa analizando os factores de localización das actividades económicas e da poboación nunha sociedade terciarizada, e propoñendo solucións desde un punto de vista sostible. | Confecciona e analiza mapas, estatísticas, gráficos comparativos das actividades agrarias, gandeiras, forestal e pesqueiras españolas e galegas fronte a outros sectores de actividade. | | |

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

| Contidos |
|--|
| <ul style="list-style-type: none"> - España no mundo. España ante a globalización: ameazas e oportunidades. Contexto xeopolítico mundial e participación en organismos internacionais. Cooperación internacional e misións no exterior. Diagnóstico dos compromisos cos Obxectivos de Desenvolvemento Sostible. Galicia no contexto mundial. - España en Europa: localización de países e aspectos naturais. A Unión Europea na actualidade: a súa influencia en situacións cotiás. Análise de desequilibrios territoriais e políticas de cohesión a través do uso de mapas e de indicadores socioeconómicos. A posición de Galicia no contexto europeo. - Sector primario. Os espazos rurais. Identificación das paisaxes agrarias. Transformacións das actividades agropecuarias: prácticas sostibles e insostibles. O valor socioambiental e económico dos produtos agroalimentarios e forestais de proximidade: indagación de pegadas ecolóxicas e da estrutura sociolaboral. O exemplo galego. Influencia da actual política agraria común no desenvolvemento rural e na sostibilidade. Estudo de casos: etiquetaxes diferenciadas, ecolóxico etc. - Os recursos mariños e a transformación do litoral: pesca, acuicultura e outros aproveitamentos. Sostibilidade e política pesqueira común. O caso galego. Estudo de casos: marisqueo, pesca de baixura e altura, acuicultura, sobreexplotación de caladoiros etc. |

| UD | Título da UD | Duración |
|----|---|----------|
| 11 | Os espazos industriais. Materias primas e fontes de enerxía: transición enerxética. A industria en España e en Galicia. A pegada ecolóxica. A deslocalización industrial. | 12 |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|---|---|----|-----|
| CA1.3 - Valorar a dignidade humana analizando criticamente as consecuencias das nosas accións sobre as condicións laborais e de vida, tanto en España como noutros países, investigando o sistema de relacións económicas globalizadas e os sectores económicos, e expondo solucións razoables. | Selecciona e analiza información sobre os problemas e a configuración da industria española e galega. Relaciona a industria con a localización de fontes de enerxía e materias primas en España. | PE | 100 |
| CA1.4 - Expresar a necesidade de preservar o medio ambiente, indagando sobre os impactos dos modos de produción, distribución e consumo a escala local e global, e propoñendo actuacións de mellora. | Comprende e explica a avaliación de pegadas ecolóxicas; a dependencia e transición enerxéticas. Confecciona e analiza gráficas e estatísticas que explican as producións industriais. | | |
| CA4.1 - Valorar todo impacto da acción antrópica desde o principio de sostibilidade recoñecendo a complexidade sistémica do medio natural e das propias actividades humanas. | Analiza e explica o impacto da deslocalización sobre sectores da industria española e galega. Sabe argumentar a estrutura do tecido industrial, sociolaboral e de emprego indirecto. | | |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|--|--|-----------|----------|
| CA4.2 - Xustificar a necesidade dos mecanismos de compensación das desigualdades individuais e territoriais identificando os procesos pasados e recentes, así como as súas causas e consecuencias sociolaborais en relación cos procesos produtivos. | Expresa e valora o debate sobre a influencia das políticas da Unión Europea e a globalización. | | |
| CA4.3 - Argumentar a orixe dos desequilibrios socioeconómicos de España e Europa analizando os factores de localización das actividades económicas e da poboación nunha sociedade terciarizada, e propoñendo solucións desde un punto de vista sostible. | Confecciona e analiza mapas, estatísticas, gráficos comparativos das materias primas, fontes de enerxía e as actividades industriais españolas e galegas fronte a outros sectores. | | |

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

| Contidos |
|---|
| <ul style="list-style-type: none"> - España no mundo. España ante a globalización: ameazas e oportunidades. Contexto xeopolítico mundial e participación en organismos internacionais. Cooperación internacional e misións no exterior. Diagnóstico dos compromisos cos Obxectivos de Desenvolvemento Sostible. Galicia no contexto mundial. - España en Europa: localización de países e aspectos naturais. A Unión Europea na actualidade: a súa influencia en situacións cotiás. Análise de desequilibrios territoriais e políticas de cohesión a través do uso de mapas e de indicadores socioeconómicos. A posición de Galicia no contexto europeo. - Sector secundario. Os espazos industriais. Transformacións nas actividades industriais e as paisaxes: materias primas e fontes de enerxía. Avaliación de pegadas ecolóxicas; dependencia e transición enerxéticas; estrutura do tecido industrial, sociolaboral e de emprego indirecto. Impacto da deslocalización sobre sectores da industria española. Estudo de casos: construción, automobilístico, agroalimentario etc. e factores de localización. Espazos industriais e tendencias en Galicia. O debate sobre a influencia das políticas da Unión Europea e a globalización. |

| UD | Título da UD | Duración |
|-----------|---|-----------------|
| 12 | Os espazos terciarizados. A economía circular e os servizos. Modelos insostibles de servizos e alternativas. A economía dixital. | 12 |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|---|--|-----------|----------|
| CA1.3 - Valorar a dignidade humana analizando criticamente as consecuencias das nosas accións sobre as condicións laborais e de vida, tanto en España como noutros países, investigando o sistema de relacións económicas globalizadas e os sectores económicos, e expondo solucións razoables. | Explica a incidencia do sector servizos para a economía española e galega. Analiza e explica o modelo de economía circular e os servizos. | PE | 100 |
| CA1.4 - Expresar a necesidade de preservar o medio ambiente, indagando sobre os impactos dos modos de produción, distribución e consumo a escala local e global, e propoñendo actuacións de mellora. | Analiza e constrúe unha crítica da pegada ecolóxica, a estrutura sociolaboral e a responsabilidade social corporativa e dos consumidores | | |
| CA4.1 - Valorar todo impacto da acción antrópica desde o principio de sostibilidade recoñecendo a complexidade sistémica do medio natural e das propias actividades humanas. | Identifica e comenta unha paisaxe transformado polo turismo. Explica e valora os modelos insostibles de servizos e as posibles alternativas. | | |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|--|---|----|---|
| CA4.2 - Xustificar a necesidade dos mecanismos de compensación das desigualdades individuais e territoriais identificando os procesos pasados e recentes, así como as súas causas e consecuencias sociolaborais en relación cos procesos produtivos. | Explica e analiza como articulan o territorio as actividades terciarias. Comprende e describe o desenvolvemento comercial e a ocupación territorial. | | |
| CA4.3 - Argumentar a orixe dos desequilibrios socioeconómicos de España e Europa analizando os factores de localización das actividades económicas e da poboación nunha sociedade terciarizada, e propoñendo solucións desde un punto de vista sostible. | Confecciona e analiza mapas, estatísticas, gráficos comparativos do comercio, comunicación e turismo en España e Galicia fronte a outros sectores ou outros países. | | |

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

| Contidos |
|---|
| <ul style="list-style-type: none"> - España no mundo. España ante a globalización: ameazas e oportunidades. Contexto xeopolítico mundial e participación en organismos internacionais. Cooperación internacional e misións no exterior. Diagnóstico dos compromisos cos Obxectivos de Desenvolvemento Sostible. Galicia no contexto mundial. - España en Europa: localización de países e aspectos naturais. A Unión Europea na actualidade: a súa influencia en situacións cotiás. Análise de desequilibrios territoriais e políticas de cohesión a través do uso de mapas e de indicadores socioeconómicos. A posición de Galicia no contexto europeo. - Sector terciario. Os espazos terciarizados. O modelo de economía circular e os servizos: relacións entre produción, distribución e venda. Análise crítica de pegadas ecolóxicas, estrutura sociolaboral, responsabilidade social corporativa e dos consumidores. Estudo de casos: competitividade e desequilibrios en transporte, comercio, turismo, servizos esenciais etc. e factores de localización. Modelos insostibles de servizos e alternativas. Modelos de ocupación dominante en Galicia. - A economía dixital: impacto da "economía colaborativa" e novos modelos de negocio no contexto global e da Unión Europea. |

4.1. Concrecións metodolóxicas

A intervención educativa na materia de Xeografía desenvolverá ou seu currículo e tratará de asentarse de xeito gradual e progresivo as aprendizaxes que lle faciliten ao alumnado ou logro dos obxectivos da materia e, en combinación co resto de materias, unha adecuada adquisición das competencias clave e ou logro dos obxectivos da etapa.

Neste sentido, no deseño das actividades, o profesorado terá que considerar a relación existente entre os obxectivos da materia e as competencias clave a través dos descritores operativos e as liñas de actuación no proceso de ensino e aprendizaxe, que se presentan nos apartados seguintes, e seleccionar aqueles criterios de avaliación do currículo que se axusten á finalidade buscada, así como empregalos para verificar as aprendizaxes do alumnado e o seu nivel de desempeño.

A metodoloxía da materia debe axustarse ao nivel competencial inicial do alumnado, respectando ritmos e estilos de aprendizaxe que teñan en conta a atención á diversidade. A materia de Xeografía permite desenvolver metodoloxías activas, nas que o traballo individual e cooperativo estean permanentemente presentes, con elaboración de diferentes tipos de materiais, integrando de forma especial as tecnoloxías da información e da comunicación.

O uso dunha metodoloxía propia para que o profesorado, tomando como eixe vertebrador as competencias específicas e os contidos, poidan adaptar as súas situacións de aprendizaxe a contextos de todo tipo, convertendo as posibles respostas aos retos ecosociais de Galicia, de España e do mundo nun incentivo para a aprendizaxe activa do alumnado, para o desenvolvemento do pensamento xeográfico e para a valoración da xeografía como saber aplicado.

- O emprego de métodos cuantitativos de carácter serial, gráfico e estatístico que lle proporcione ao alumnado información de diferentes fontes que permitan elaborar un discurso que fomente a igualdade e a sostibilidade, requisitos que caracterizan as ciencias sociais.
- O uso de estratexias nas que o alumnado exercite tanto procesos instrumentais como actitudes para promover a capacidade transformadora de todo saber desde a responsabilidade cívica, baseada na autonomía persoal e o respecto ás persoas e ao medio natural no contexto actual de cambios e incertezas.
- O uso de distintos métodos que teñan en conta os diferentes ritmos de aprendizaxe do alumnado, favorezan a capacidade de aprender por si mesmos e promovan o traballo en equipo.
- A realización de proxectos significativos para o alumnado e a resolución colaborativa de problemas, reforzando a autoestima, a autonomía, a reflexión e a responsabilidade, e estimulando a participación en debates sobre temas relevantes para a comprensión crítica da realidade.
- O desenvolvemento no alumnado de fundamentos propios a través dun enfoque interdisciplinario, aproveitando o carácter globalizador e integrador da materia coa presentación da información en diferentes linguaxes que inclúan aspectos tanto visuais como verbais.
- Analizar problemas sociais e ambientais relevantes, que faciliten asimilar os conceptos teóricos por parte do alumnado e que lle permita unha comprensión xusta e igualitaria do mundo no que vive.
- A énfase na atención á diversidade do alumnado, na atención individualizada, na prevención das dificultades de aprendizaxe e na posta en práctica de mecanismos de reforzo tan pronto como se detecten estas dificultades.
- Utilización como instrumento básico de traballo a aula virtual do departamento, que servirá como punto de encontro para desenvolver un traballo cooperativo. Así, a través deste recurso proporemos materiais complementarios de reforzo didáctico, actividades grupais e individuais.
- Exposición, tanto oral como escrita, por parte do alumnado, considerase un medio esencial para acadar os obxectivos propostos para a materia e o nivel. Tamén o é, buscar que o alumnado consiga vincular directamente o coñecemento que lle proporciona esta materia, coa realidade física, económica e social do seu entorno inmediato e coñeza os condicionantes que crean e modifican esa realidade. Trataremos de que esa vinculación continua da materia coa realidade na que opera o alumnado sirva tamén de motivación de cara á materia.
- Construción do coñecemento xeográfico, traballaremos os procesos de: análise de datos / contraste dos datos cos coñecementos específicos do bloque adquiridos/análise crítico a partir dos coñecementos globais da materia. Ao longo do curso buscaremos que ese proceso sexa cada vez máis autónomo por parte do alumnado, unha vez que asimile os procedementos axeitados
- O uso de estratexias para traballar transversalmente a comprensión lectora, a expresión oral e escritura, a comunicación audiovisual, a competencia dixital, o fomento da creatividade, do espírito científico e do emprendemento.
- Fomento do traballo grupal, fomentando a participación en debates sobre temas relevantes para a comprensión crítica da realidade xeográfica.
- Saídas didácticas e elaboración de traballos de campo como medio de achegamento directo á realidade xeográfica.
- Impulsar o uso das TIC como instrumento para traballar a análise espacial, aproveitando en particular a potencialidade dos dispositivos móbiles, webs e un uso crítico das diversas fontes; xestión de datos estatísticos; cartografía e fotointerpretación

A diversidade de contidos da materia e a tendencia do alumnado de 2º bacharelato a avanzar na achega de obxectivos de forma acelerada fronte a etapas previas, fai que ao longo do curso poidamos ir modificando estratexias metodolóxicas na procura dun proceso de aprendizaxe cada vez máis autónomo por parte do alumnado.

Por estas razóns os docentes deberán intervir máis asiduamente na tarefa de dirixir e reconducir as actividades do alumnado. Isto non nos debe facer esquecer o obxectivo prioritario de conseguir unha clase activa e participativa afastada do exclusivo protagonismo do docente como mero subministrador dos contidos da materia. Partindo sempre dos coñecementos previos intentaremos construír unha aprendizaxe significativa, non nos quedaremos nunha mera nomenclatura pedagóxica e seguiranse as instrucións do Grupo de Traballo da materia.

4.2. Materiais e recursos didácticos

| Denominación |
|--|
| Libro de texto físico ou dixital. |
| Recursos e apuntamentos do docente. |
| Aula virtual do centro |
| Presentacións interactivas por medio de webs e apps de contidos xeográficos. |
| Fichas fotocopiáveis |
| Recursos Abau e grupo de traballo de Xeografía |
| Gamificación |

Para a práctica e desenvolvemento na aula contamos cunha grande diversidade de recursos perfectamente utilizables para cada momento didáctico ou metodoloxía a empregar.

O libro de texto é un apoio para o profesorado e para o alumnado xa que aglutina todas as unidades que se van traballar ao longo do curso e tamén ofrece diversas e numerosas actividades a desenvolver. Non obstante, débese ter en conta que non debe determinar a función do docente nin a súa metodoloxía, polo que o profesorado, como profesional que é, determinará e xestionará o seu uso.

Ademais do libro de texto empregárase material complementario, elaborado polo docente, que se acomode aos diferentes ritmos de aprendizaxe que se poden dar na aula. Así mesmo, utilizaremos a Aula virtual a través da cal podemos facer propostas de traballo (visualizar vídeos, comentar textos...) así como presentacións interactivas feitas por medio de webs e apps específicas de xeografía.

A gamificación por medio de cuestionarios (Kahoot, quizz), daralle un punto divertido e lúdico ao ensino-aprendizaxe. Empregaranse diferentes materiais, cada vez máis relacionados coas TIC, buscando unha maior diversificación, para dar cobertura aos diferentes ritmos de aprendizaxe do alumnado.

5.1. Procedemento para a avaliación inicial

A avaliación inicial realizarase nos primeiros días de clase, destinada a comprobar a capacidade de expresión, corrección formal, análise, coherencia expositiva e coñecementos previos.

Un instrumento desta Avaliación pode ser unha proba inicial que pode constar dos seguintes apartados:

- Competencia lectora: actividades relacionadas coa comprensión de textos escritos.
- Conceptos e expresión escrita: cuestións sobre aspectos básicos de Xeografía e/ou Historia, que ademais permitirán avaliar a coherencia e a corrección gramatical e ortográfica.
- Elaboración de sínteses ou esquemas, mapas conceptuais..., que permitan coñecer se o alumnado domina eses procedementos tan básicos en esta área.

Outra das vantaxes da avaliación inicial é a de ofrecer información adicional sobre o punto de partida do alumnado cara o tema que se vai a comezar a traballar, permitindo concretar os contidos que suscitan maior interese ou que se descoñecen totalmente. Ademais nos posibilita definir a didáctica e metodoloxía para abordar a unidade e chegar aos distintos ritmos de aprendizaxe.

Outro aspecto importante destas probas diagnósticas é que permiten detectar as posibles confusións e incorreccións que os alumnos teñen sobre os contidos a tratar e que precisan aclaración e rectificación.

Dita proba inicial realizarase dependendo de cada unidade, pero en liñas xerais consistirá na elaboración de cuestionarios, test, brainstorming, debates, visionados de material audiovisual.

Os resultados de dita proba poderán orientarnos cara ao establecemento das estratexias de aprendizaxe e a

realización das actividades de reforzo máis axeitadas para o alumnado.

5.2. Criterios de cualificación e recuperación

Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

| Unidade didáctica | UD 1 | UD 2 | UD 3 | UD 4 | UD 5 | UD 6 | UD 7 | UD 8 | UD 9 | UD 10 |
|---------------------------|------|------|------|------|------|------|------|------|------|-------|
| Peso UD/ Tipo Ins. | 5 | 5 | 5 | 11 | 11 | 5 | 5 | 10 | 10 | 11 |
| Proba escrita | 100 | 100 | 100 | 100 | 100 | 100 | 100 | 100 | 100 | 100 |

| Unidade didáctica | UD 11 | UD 12 | Total |
|---------------------------|-------|-------|-------|
| Peso UD/ Tipo Ins. | 11 | 11 | 100 |
| Proba escrita | 100 | 100 | 100 |

Criterios de cualificación:

Nos criterios de avaliación da materia de Xeografía preténdese avaliar aspectos relativos ao coñecemento xeográfico do Estado español, o dominio de conceptos básicos desta materia, os fundamentos da análise xeográfica e o emprego das técnicas e fontes de información xeográfica.

Exames trimestrais: modelo, estrutura das probas e puntuación

-Modelo de exame

No modelo de proba deberá terse en conta os contidos, criterios de avaliación, estándares de aprendizaxe e competencias recollidos nesta programación.

Realizaranse dous exames por avaliación:

- Un primeiro exame que incluíra unha proba de localización espacial (mapas políticos e físicos de España e Galicia), vocabulario e preguntas teóricas

- Un segundo exame práctico sobre os temas explicados no trimestre (textos, estatísticas, imaxes, gráficos, mapas...)

-A valoración outorgada a cada apartado figurará no exame.

-Co fin de valorar o grao de asimilación e consolidación dos coñecementos progresivamente adquiridos, o profesor poderá incluír en cada proba cuestións referidas ós temas estudados en avaliacións anteriores.

-Ao longo do trimestre o profesor poderá facer se o estima oportuno outras probas, como por exemplo tests, cuestionarios, etc. A valoración destas deberán ponderarse na nota final do trimestre.

Valoración: cada exame terá un valor de 5 puntos. A nota mínima necesaria en cada exame para facer a media será de 1 punto. No caso de que o/a alumno/a non acade esa nota mínima deberá volver a examinarse da materia suspensa no segundo exame.

-O modelo de proba seguirá, en liñas xerais, o establecido nas probas de selectividade (A.B.A.U.) e as recomendacións da C.I.U.G. A valoración outorgada a cada apartado será o establecido polo profesor da materia.

-Esíxese rigor e precisión nas respostas. Os erros graves nas respostas poderán supor a anulación parcial ou total da mesma

-Estrutura dos exames:

Primeiro exame (5 puntos):

a.- Primeiro apartado: Definición de conceptos xeográficos relacionados cos bloques de coñecementos. Valoración 1 punto

*Orientacións: A resposta será breve e concreta (non repetir o concepto a definir na mesma). Máximo cinco liñas por resposta. Deberá incluír, sempre que sexa posible, un exemplo.

b.- Segundo apartado: Exercicio de localización e, ou identificación dunha serie de elementos xeográficos básicos de

cada tema. Valoración 1 punto

*Orientacións: O alumno deberá sobre un documento gráfico de referencia (mapa hipsométrico, temático, físico, político, perfil topográfico, etc) localizar ou citar ditos elementos, non definiilos nen desenvolveilos.

c.-Terceiro apartado: desenvolver un dos temas dos bloques de coñecementos. Valoración 3 puntos.

Exemplo:

-A evolución xeolóxica da Península

-O Clima Mediterráneo

-O sistema de cidades e a xerarquía urbana

-As paisaxes agrarias.

Orientacións: Pídese que o alumno responda a cuestión da forma máis completa posible, valorarase a organización dos contidos (recomendable facer un esquema ou guión previos), o nivel explicativo, o emprego do vocabulario propio do tema e a capacidade de establecer relacións comparativas.

Segundo exame .Exercicios prácticos.(5 puntos)::

Consistirá na análise crítica de documentos (mapas dinámicos, mapas temáticos, noticias e textos xeográficos, imaxes, gráficas, series estatísticas, etc.) relacionado cos bloques de coñecementos e destrezas xeográficas fundamentais. Cada documento constará dunha serie de cuestións nas que se incluírá a valoración das mesmas

Puntuación:

-A nota final do trimestre será a suma dos dous exames trimestrais. Na valoración outorgada á proba no seu conxunto tamén serán tidas en conta a ortografía e a presentación do exercicio; varias faltas graves de ortografía, ou unha mala presentación, poderán restar ata un 10% da nota obtida no exercicio. O profesor poderá ter en conta na nota final trimestral aquelas outras probas ou actividades feitas polos alumnos que poidan mellorar a nota media dos exames.

-Para aprobar a materia o alumno/a ten que ter que ter aprobadas todas as avaliacións.

Criterios de recuperación:

A aqueles alumnos que non teñan acadado os obxectivos mínimos previstos o profesor encargado da materia realizará, despois de rematada a correspondente avaliación , a oportuna proba de recuperación. A nota máxima será de 5.

-O alumnado que non supere a materia na avaliación ordinaria de final de curso poderá realizar unha proba extraordinaria (segundo contempla a normativa vixente) que terá como referencia para o deseño da mesma os obxectivos, contidos, criterios de avaliación , estándares de aprendizaxe e competencias clave esixibles para esta materia neste nivel académico. A nota será a que obteña no exame correspondente.

-Na convocatoria extraordinaria o alumno/a deberá examinarse de toda a materia impartida no curso cando teña dúas ou máis avaliacións suspensas.

-

6. Medidas de atención á diversidade

Para o alumnado que requira unha atención educativa diferente á ordinaria, por presentar necesidades educativas especiais, por dificultades específicas de aprendizaxe por trastorno por déficit de atención e hiperactividade (TDAH), polas súas altas capacidades intelectuais, por se incorporar tarde ao sistema educativo ou por condicións persoais ou de historia escolar, estableceranse as medidas curriculares e organizativas necesarias co fin de que poidan alcanzar o máximo desenvolvemento das súas capacidades persoais e os obxectivos e competencias establecidas en cada etapa para todo o alumnado.

De ser necesario, elaborárase a adaptación curricular do alumnado que a precise en colaboración co Departamento de Orientación; o Departamento levará a cabo as medidas recollidas nesa adaptación que lle correspondan. Así mesmo, estableceranse as medidas oportunas para o alumnado con dificultades específicas de aprendizaxe por TDAH, tales como adaptación de instrumentos e, e de ser o caso, tempos e apoios que aseguren unha correcta

avaliación deste alumnado. De igual xeito, buscarase a localización mais idóneas na aula, de forma que estean sentados cerca da mesa do profesor e, na medida do posible, ao lado de compañeiros que lle servan de modelo de tranquilidade, de orde e axuda.

Ao longo do curso e, según a evolución e necesidades concretas de cada alumno/a, poderanse elevar a cabo todas as medidas que consideremos necesarias para o correcto desenvolvemento deste alumnado.

En cada unidade propónse unha asimilación progresiva, de menor a maior dificultade, dos conceptos, termos e procesos históricos estudados.

En xeral, procurarase proporcionar ós alumnos e alumnas, para os contidos de maior dificultade:

- Esquemas e/ou sínteses cos conceptos fundamentais.
- Actividades con diferentes graos de profundización.
- Páxinas de referencia para resolver dúbidas e/ou ampliar coñecementos.

7.1. Concreción dos elementos transversais

| | UD 1 | UD 2 | UD 3 | UD 4 | UD 5 | UD 6 | UD 7 | UD 8 |
|---|------|------|------|------|------|------|------|------|
| ET.1 - Comprensión lectora e expresión oral e escrita | X | X | X | X | X | X | X | X |
| ET.2 - Comunicación audiovisual | X | X | X | X | X | X | X | X |
| ET.3 - Competencia dixital, webs e apps | X | X | X | X | X | X | X | X |
| ET.4 - Emprendemento social e empresarial | | | | | | | | X |
| ET.5 - Fomento do espírito crítico e científico | X | X | X | | | | | X |
| ET.6 - Educación emocional e en valores | X | X | X | | | | | X |
| ET.7 - Convivencia: Respecto pola diversidade étnica cultural e igualdade de xénero | X | X | X | | | | | X |
| ET.8 - Creatividade | | X | X | | | | X | X |

| | UD 9 | UD 10 | UD 11 | UD 12 |
|---|------|-------|-------|-------|
| ET.1 - Comprensión lectora e expresión oral e escrita | X | X | X | X |
| ET.2 - Comunicación audiovisual | X | X | X | X |
| ET.3 - Competencia dixital, webs e apps | X | X | X | X |
| ET.4 - Emprendemento social e empresarial | X | X | X | X |
| ET.5 - Fomento do espírito crítico e científico | X | X | X | X |

| | UD 9 | UD 10 | UD 11 | UD 12 |
|---|------|-------|-------|-------|
| ET.6 - Educación emocional e en valores | X | | | |
| ET.7 - Convivencia: Respetto pola diversidade étnica cultural e igualdade de xénero | X | | | |
| ET.8 - Creatividade | X | | | |

Observacións:

Serán traballados todos os elementos transversais, en especial a comprensión lectora e a expresión oral e escrita pois o alumnado vai ter que ler en diferentes formatos e redactar resumos, opinións, textos, comentarios históricos.

A Tecnoloxía da Información e a Comunicación insistirá na competencia dixital e a comunicación audiovisual, resaltando o uso de webs e apps específicas, esta será aproveitada en todas as unidades pois servirán de apoio á práctica docente.

O resto dos elementos transversais tamén serán abordados en maior ou menor medida en case todas as unidades.

O emprendemento tamén se considera importante por canto se pretende que o alumnado realice propostas e promova unha actitude proactiva e participativa.

Importante na materia de Xeografía será a educación emocional e en valores como actitude do alumnado na aula de respecto e tolerancia pola diversidade.

Ademais dos elementos transversais especificamente traballados nos anteriores epígrafes, traballaranse de forma específica os seguintes elementos transversais:

- A aprendizaxe da prevención e resolución pacífica de conflitos en todos os ámbitos da vida.
- A prevención da violencia de xénero, e de todo tipo de violencia contra as persoas.
- Elementos curriculares relacionados co desenvolvemento sostible e o medio ambiente.
- Fomento da alimentación equilibrada e da actividade física moderada.

7.2. Actividades complementarias

| Actividade | Descrición | 1º trim. | 2º trim. | 3º trim. |
|--|---|----------|----------|----------|
| Visitas a exposicións de interese, museos... | Actividades complementarias programadas ao inicio do curso. | X | X | X |
| Visitas a cidades, fábricas e outras actividades económicas. | Actividades complementarias programadas ao inicio do curso. | X | X | X |
| Roteiros de interese xeográfico, histórico ou cultural. | Actividades complementarias programadas ao inicio do curso. | X | X | X |
| Viaxes culturais. | Actividades extraescolares programadas ao inicio do curso. | X | X | X |

Observacións:

- As actividades constitúen un dos eixes fundamentais do proceso de aprendizaxe xa que na súa realización o alumnado adquire un papel activo. Realizaranse actividades nas que o alumnado deba despregar a súa capacidade de actuación, de reflexión e de creación.

- Fundamentalmente, os tipos de actividades que se presentan son os seguintes:

- Actividades referidas á comprensión de contidos conceptuais e ao establecemento de relacións entre estes. Realización dun vocabulario xeográfico, histórico e artístico (o alumnado elaborará un glosario de términos que terán que presentar ao profesorado),
- Actividades de síntese de información, realización de esquemas, resumos, toma de apuntes en clase.
- Actividades de análise e interpretación de fontes históricas de diferente natureza: textos, gráficos, obras de arte, mapas históricos, debuxos satíricos, esbozo de batallas, carteis propagandísticos, obras cinematográficas, obxectos, etc.
- Redacción de traballos de temática histórica, pequenos traballos de investigación ofrecendo un guión delimitando os apartados sobre os que queremos obter información.

Todas as actividades complementarias e extraescolares están definidas e programadas para enriquecer o proceso de ensino-aprendizaxe do alumnado, polo tanto están consensuadas a nivel de departamento didáctico e pensadas para lograr un aproveitamento didáctico diferente fóra das aulas.

As actividades fora da aula están definidas a través de tres fases:

- Primeira fase: preparación na aula previa á saída da UD correspondente.
- Segunda fase: a visita programada e organizada, o disfrute da actividade.
- Terceira fase: avaliación e comprobación dos saberes adquiridos por medio da actividade.

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

| Indicadores de logro |
|---|
| Temporalización das unidades e dos contidos |
| Exposición da información |
| Eficacia e variedade das actividades e recursos |
| Diversidade de recursos |
| Estratexias de motivación do alumnado |
| Interacción co alumnado |
| Avaliación das aprendizaxes: Avalía según os criterios de avaliación da programación |
| Valoración da materia: 1. Os obxectivos están ben formulados 2. A selección e temporalización dos contidos é axeitada 3. Os criterios de avaliación e cualificación son claros 4. Empregáanse diferentes instrumentos de avaliación |

Descrición:

Os docentes avalían tanto as aprendizaxes do alumnado como os procesos de ensinanza e a súa propia práctica docente, a través dos Estándares de Aprendizaxe incorporados na programación docente.

Os contidos, competencias, obxectivos e criterios de avaliación do Currículo de cada área ou materia, permítenos definir os resultados de aprendizaxe e concretar o que o alumnado debe saber, comprender e saber facer en cada materia. Á súa vez, estes valóranse a partir dos indicadores de logro, que nos permiten avaliar en catro niveis as

aprendizaxes que o alumnado consolidou respecto aos obxectivos marcados.

Este feito permítelle ao docente tamén avaliar os resultados das estratexias e medidas educativas que adoptou ao longo da súa práctica educativa para facilitar que o alumnado acade os obxectivos establecidos.

A avaliación tanto dos procesos de aprendizaxe do alumnado como da propia práctica docente será continua. A avaliación docente terá, ao mesmo tempo, com obxectivo adaptar as estratexias educativas adoptadas ao longo do curso ás necesidades específicas do alumnado.

Os obxectivos e criterios de avaliación permiten, neste sentido, identificar os coñecementos, capacidades, competencias... que en relación a un alumno ou alumna individual ou ao conxunto do grupo-clase deben ser consolidados, permitindo adaptar a practica educativa ás necesidades específicas dos alumnado para que poidan alcanzar as ensinanzas establecidas nos correspondentes estándares de aprendizaxe.

- Como ferramenta auxiliar para reflexionar e valorar a actividade docente temos unha rúbrica da práctica docente na que se valoran os seguintes aspectos:

- Temporalización das unidades e dos contidos. Planificación das unidades didácticas ao longo do curso e temporalización dos contidos que se deben abordar en cada unidade.
- Exposición da información. Claridade nas explicacións docentes, cunha recepción e cunha interacción adecuada co alumnado para comprobar a asimilación das informacións transmitidas.
- Eficacia das actividades e recursos. Elección e uso adecuados das actividades e recursos empregados para a consecución dos obxectivos didácticos e dos criterios de Avaliación formulados.
- Diversidade de recursos. Uso de gran diversidade de recursos e materiais, incluíndo as TIC e o uso educativo dos medios de comunicación, para fomentar unha aprendizaxe ampla e unha boa motivación do alumnado.
- Estratexias de motivación do alumnado. Elaboración de propostas que animen o alumnado a desenvolver as súas capacidades en función dos seus propios intereses e a manter o interese e o esforzo durante a súa aprendizaxe.
- Interacción co alumnado. Relación fluída do docente co alumnado favorecendo con isto o desenvolvemento das actividades de aprendizaxe.
- Avaliación das aprendizaxes. Avaliación dos Contidos e dos obxectivos adquiridos.

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

- En relación á práctica docente os indicadores de logro permiten valorar:

- Consecución de obxectivos: Se se está cumprindo coa planificación: actividades, tempos, responsabilidades.
- Se existe desviación entre o obxectivo definido e a acción ou accións deseñadas para conseguilo.
- Se se consegue unha progresiva adquisición de autonomía no proceso de aprendizaxe: obtención, selección e contraste da información obtida.
- Se colaboramos no desenvolvemento das competencias dixital e competencia para aprender a aprender.
- Se se están conseguindo outras cousas distintas ás planificadas intencionalmente.
- Se se está progresando na liña definida no obxectivo.
- Se os resultados obtidos xeran satisfacción nos implicados.
- Neste aspecto terase en conta a normativa vixente que considera conforme a programación se se cumpre polo menos un 75% dos contidos programados ao principio do curso, se non hai unha desviación na programación por avaliación máis aló dun 20% dos contidos programados ou incluso, nestes casos, cando as razóns sexan de carácter externo e/ou non imputables ao departamento.

Dentro do proceso de ensinanza e aprendizaxe, o equipo docente de cada grupo de alumnado celebrará sesións de avaliación para valorar tanto as aprendizaxes do alumnado, como os procesos de ensinanza e a súa propia práctica docente.

O equipo docente deberá adoptar as medidas ordinarias ou extraordinarias máis adecuadas. Estas medidas fixaranse en plans de mellora de resultados colectivos ou individuais, que permitan solventar as dificultades, en colaboración coas familias e mediante recursos de apoio educativo.

Realizarase o seguimento a través da aplicación Proens e cunha frecuencia trimestral por avaliacións a través das reunións de departamento.

No seguimento de cada UD establecerase: data de inicio e final, sesións previstas e sesións realizadas, grado de cumprimento, propostas xerais de mellora e outras observacións (datos que figuran en Proens).

Indicadores de logro do proceso de ensino nunha escala de 1-4

1. Como norma xeral, fanse explicacións xerais para todo o alumnado.
2. Ofrécense a cada alumno/a as explicacións individualizadas que precisa.
3. Utilízanse distintas estratexias metodolóxicas en función dos temas a tratar.
4. Combínase o traballo individual e en equipo.
5. Poténcianse estratexias tanto de expresión como de comprensión oral e escrita.
6. Incorporáanse as TIC aos procesos de ensino-aprendizaxe.
7. Préstase atención aos elementos transversais vinculados a cada estándar.
8. Ofrécense ao alumnado de forma rápida os resultados das probas / traballos, etc.
9. Analízanse e coméntanse co alumnado os aspectos máis significativos derivados da corrección das probas, traballos, etc.
10. Dáselle ao alumnado a posibilidade de visualizar e comentar os seus acertos e erros.

Indicadores de logro da práctica docente nunha escala de 1-4

1. O nivel de dificultade foi adecuado ás características do alumnado.
2. Conseguiuse crear un conflito cognitivo que favoreceu a aprendizaxe.
3. Conseguiuse motivar para lograr a actividade intelectual e física do alumnado.
4. Conseguiuse a participación activa de todo o alumnado.
5. Usáronse distintos instrumentos de avaliación.
6. Dáse un peso real á observación do traballo na aula.
7. Valorouse adecuadamente o traballo colaborativo do alumnado dentro do grupo.

9. Outros apartados